



## AVALIACIÓN INTERMEDIA EDLP GALP RÍA DE PONTEVEDRA

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia para a xestión de fondos europeos FEMP destinados á creación e mellora do emprego, inclusión social e benestar xeral da poboación de Sanxenxo, Marín, Bueu, Pontevedra, Meaño e Poio entre 2014 e 2020. O GALP- RP dispón de **5.714.908,27€** para cumprir os obxectivos do seu documento marco: a Estratexia de Desenvolvemento local para a Ría de Pontevedra. Destes, **4.236.181€** están reservados para financiar proxectos de entidades locais. **482.629€** van destinados a cubrir custes de proxectos para a conservación, mellora, e difusión da cultura e edificios ou elementos simbólicos asociados ao mar na Ría de Pontevedra. Ao rematar 2018, **481.422€** estaban aínda sen gastar. **Axúdasnos a pensar como facer que este rompecabezas encaixe? Este póster resume o reto ao que se enfrenta o GALP, as oportunidades e barreiras para poder contribuir á posta en valor da cultura local relacionada co mar. A lenda é a seguinte: os cadrados de primeiro nivel turquesa** son oportunidades ou factores positivos para o cumprimento do reto central, mentres que os laranxas son barreiras. **Os cadrados de segundo nivel laranxa escuro ou turquesa escuro** son dimensións que explican o respectivos cadrados de primeiro nivel. **En azul eléctrico figuran**, tanto para barreiras como para oportunidades, accións para darlles resposta que se foron recollendo a través de consultas participativas que o GALP organizou entre maio e setembro do 2019.

